




# CAMIÑANDO POLO LITORAL DE MIÑO

Adela Leiro, Mon Daporta  
febreiro 2019



**Distancia:** 10 km (lineal)  
**Dificultade:** baixa



O litoral de Miño está formado por cantís, que reciben as ondas do mar aberto pola ampla boca da ría de Betanzos, e praias que se acollen nos seos que se forman entre as puntas. O elemento máis destacado é a praia Grande e a súa frecha na que se amorea a area coa que o mar quere pechar a saída do río Baxoi e a forza coa que a corrente do río se abre paso.

Esteiro do río Lambre.  
O Lambre nace no Monte da Pena da Uz (Monfero) e desemboca na Ponte do Porco na ría de Betanzos facendo fronteira entre os concellos de Paderne e Miño.

**RÍA DE BETANZOS**  
Mide 12 km de fondo e presenta dous sectores ben diferenciados. O primeiro, de Betanzos ata a ponte do Pedrido, é un esteiro típico onde sedimentan os materiais transportados polo río Mandeo. O segundo, entre as puntas Lavadoira e Torella, é máis amplo e conflúe coa ría de Ares. As rochas dominantes son xistos, filitas e lousas. É unha importante zona marisqueira.



A Ría de Betanzos entre a praia de Miño e a costa de Sada





## PERCORRIDO

case 10 km

Aproveitando a marea baixa comezamos na **Ponte do Porco** achegándonos á beira do **río Lambre** e, acompañando o seu curso, entramos na parte de fóra do seu esteiro no areal coñecido como **praia da Alameda** e continuando pola beira ímonos achegando aos cantís para dobrar a **punta do Gafo**, e o areal segue ao pé das paredes rochosas cortadas a pico, por enriba das que circula o tren, ata chegar á **punta de Sumiño** onde viramos para entrar na **praia da Ribeira ou pequena de Miño** e desde ela por unha pasarela elevada chegamos ao porto. Á saída do porto collemos o primeiro desvío á esquerda para cruzar a **punta Satareixas** e baixar á **praia Grande** para percorrer os case 2 km, incluída a volta á frecha, que hai desde o seu comezo ata volver á estrada ao pé da ponte que cruza o **río Baxoi**. Desde aquí ata o final do percorrido o itinerario hai que seguilo pola beira da estrada e facer desvíos: o primeiro a 1,2 km para baixar á **praia de Lago** por un carreiro e unha longa escaleira de 110 chanzos, un pouco máis de 1 km ir e volver, e o segundo 1,3 km despois para baixar á **praia de Marín**, desde ela polas rochas podemos pasar á **praia de San Pedro** ou de **Perbes** onde rematamos o percorrido. Coa marea baixa pódese pasar desde a praia de Lago ata a punta Redonda.



## LIC/ZEC “Betanzos-Mandeo”

No concello de Miño protexe o tramo entre a desembocadura do Lambre e a praia da Ribeira, unha área de cantís co fondo areoso na que quedan ao descuberto amplos areas ao debalar a marea.



Praia da Ponte do Porco.



Praia da Alameda. Ponte do Porco.





Punta do Gafo



Punta Sumiño e cantís entre a punta de Gafo e punta Sumiño





Praia Pequena de Miño, de Sumiño ou da Ribeira. No inverno as praias próximas ás desembocaduras dos ríos quedan cubertas polos materiais arrastrados polas correntes, maiormente follas secas e restos de madeira.



MIÑO. Porto.




Punta Satareixas



Esteiro do río Baxoi. Os ríos Anduriña e Vilariño que nacen en Monfero, na serra do Queixeiro, forman o Xurxo, en Vilarmaior, nomeado Baxoi en Miño, onde desemboca orixinando, en acción conxunta co mar, unha flecha de area que forma a praia Grande de Miño.





Parella de lavancos, unha das aves máis comúns dos esteiros e marismas.

O LIC/ZEC “Esteiro do Baxoi” (pendente de aprobación) inclúe o tramo final do río Baxoi desde Ponte Baxoi ata a punta Redonda e unha pequena parte da flecha que forma a praia Grande de Miño. Os ecosistemas de maior interese son o esteiro, as dunas e un pequeno bosque de ribeira.



Praia Grande de Miño (1.360 m), na flecha que pecha o esteiro do río Baxoi. Miño é un dos centros de veraneo máis importantes de Galiza.

Praia Grande de Miño. Enseada de Bañobre.



Río Xarío e flecha de Miño





Praia do Lago



Punta do Toxo



Punta do Toxo



Punta Redonda



Praia de Marín





Punta que separa as praias de San Pedro e de Marín



Praia de San Pedro (Perbes)



Illa do Carbón

